

O lugar onde vivo

Case na fronteira que separa as provincias de Lugo e de Ourense, hai unha aldea apartada de toda cidade e rodeada de monte por todos os lados. É unha aldeíña pequena na que habitan, como moito, cen persoas. Está chea de carballos, de aí o seu nome: Castro de Carballedo. Todos os 17 e 29 de cada mes, hai feira, e xente do moitos outros pobos vai alí a comer. Ademais, hai un mercado no que se vende de todo, dende froitas ata roupa ou galos e galiñas. Pero, ademais, alí celébrase a mellor festa do mundo, as festas do 15 de agosto. Case nunca hai moita xente, por non dicir nunca. Ao principio hai trece ou catorce persoas, pero cara o final sempre hai bastante (algúns borrachos tamén, hai que dicilo todo). Nesa festa sí que se pasa ben.

Pero para animar o pobo, non fan falta nin comidas ao grande nin festas, porque xa hai cinco nenas para facer ese traballo. Elas coñecen o sitio e os seus arredores como a palma da súa man. Se lles preguntas, pódénche dicir onde hai un burato ou unha pedra con forma rara. Pero o mellor delas, é que sempre andan argallando para que lles pase algo que poder contar nas súas casas.

Un día, nunha desas argalladas, no castro que hai alí, atoparon unha cova. O castro non era como os demais, simplemente era monte. Nel non quedaba nin unha soa pedra dos antigos poboados, nin había nada fóra do normal. Estaba plagado da árbore típica de alí, e as súas follas enchían o chan de cores marróns, verdes e vermellas. Ás veces, esvarábase tanto, que se podía baixar facendo o tobogán!

Sabían dunha lenda típica da aldea que dicía que esa cova conectaba con outra do cume do Penedo do Garabullo, e que alí vivía unha serpe xigante que, se lle dabas un bico, convertíase nunha muller fermosa que che concedía tres desexos. Pouca xente lograra vela, e os que o facían saían correndo. O tío dunha delas víraa unha vez, e dende entón, todo o mundo di que está tolo. De feito, pódelo ver camiñando por aí cos lentes de sol postas cara atrás, no pelo.

Picadas pola curiosidade, decidiron entrar na cova a ver que lles deparaba o futuro. Non sen antes coller unhas lanternas. Comezaron a camiñar, subindo e baixando, dun lado a outro e levando sustos cada dous por tres. E, despois dunha media hora (ou unha se cadra), viron ao lonxe un punto de luz. Pero, cando estaban a punto de saír, unha serpe xigante interpúxose nos seus camiños. Ao principio non se decataron, pero logo si. A Moura, a serpe dos desexos, estaba diante delas!

Tremendo de medo, o único que puideron facer foi darlle un bico á Moura. Ao instante transformouse nunha muller de pelo loiro, fermosa coma un amencer.

-Fostes valentes e déstesme un bico, cousa que poucos conseguen. Dícídeme, pois, cales son os vosos tres desexos?

Tras pensar un bo anaco e falar entre elas, o que cotestaron foi:

-Nós só desexamos unha cousa, os outros dous desexos pódelos gardar.

-Estades seguras do que facedes? Mirade que non hai volta atrás.

-Estamos seguras- replicou a maior-. O único que queremos é que ao saír desta cova, vexamos a paisaxe máis bonita do mundo. Unha paisaxe da que te poidas namorar e que volverías ver todos os días.

-Así será- dixo a Moura. E acto seguido desapareceu.

As nenas miráronse e sorriron. Non podían crer o que lles acababa de pasar.

Unha tras outra foron saíndo da cova, e fóra viron a paisaxe máis fermosa que se podía ver. A Moura cumprira o seu desexo.

Aos seus pés, había unha aldea. A súa aldea, bañada pola luz do atardecer, estaba mellor que nunca. Se miraban para abaixo, podían ver que o chan estaba cheo de cogomelos. Era outono e por alí era o normal. Habíaos de todos os tipos: vermellas con puntos brancos (as dos ananiños), violetas, laranxas...

Se miraban cara a dereita, podían ver a granxa dos porcos, custodiada polos mastíns máis arrepiantes do mundo. Todo o mundo lles tiña medo, e ninguén se achegaba ao seu territorio.

E por último, as casas. Construídas coas pedras do castro, reflectían sombras un tanto arrepiantes, pero cun encanto agochado. Un encanto que só as que mellor a coñecían podían percibir.